



BASES

XII CONCURSO DE AXUDAS PARA A CONFECCIÓN DE TRAXES MEDIEVAIS

XXII FEIRA MEDIEVAL

Primeira

O Concello de Monforte de Lemos convoca o **XII CONCURSO DE AXUDAS PARA A CONFECCIÓN DE TRAXES MEDIEVAIS**, actividade que se realizará dentro do programa de actos da *XXII FEIRA MEDIEVAL* do ano 2026.

Segunda

O obxectivo deste concurso é aumentar a participación da veciñanza nos diferentes actos da *feira medieval* que terá lugar os días 4 e 5 de abril de 2026.

Terceira

Os/as veciños/as interesados/as en participar neste concurso de axudas para a confección de traxes medievais deberán chamar entre o 2 ó 13 de febreiro de 2026 ás radios *Principal Cadena Ser*, *Radio Monforte* e *Onda Cero Monforte* durante a emisión local de luns a venres e contestar a unha pregunta formulada polo/a locutor/a referida a Monforte.

O número máximo de persoas participantes será de 60 e non poderán participar aquelas que xa recibiran a axuda nos concursos de confección de traxes medievais dos últimos tres anos.

Cuarta

As radios colaboradoras emitirán unha lista o 16 de febreiro das persoas que acertasen as preguntas co seu nome e teléfono de contacto, estas persoas pasarán polo concello do 20 ó 27 de febreiro a realizar unha solicitude formal no rexistro municipal para recibir a axuda cunha cantidade máxima de 60,00 € por persoa. A axuda que deberá ser empregada na confección e elaboración dun traxe medieval que se lucirá nos actos da feira medieval os días 4 e 5 de abril de 2026.

O concello, despois do informe do Departamento de Cultura no que se porá de manifesto que os solicitantes coincidan coas persoas que acertaron a pregunta no programa de radio e que e que non houberan participado en concursos anteriores, comprobará que se atopan ó corrente de obrigas tributarias co Concello de Monforte e ditará unha resolución acordando conceder a condición de beneficiarios ós que cumpran os requisitos, unha vez verificado que non exista impedimento legal para recibir a axuda.

Quinta

Os beneficiarios da axuda, terán que xustificar a súa participación na Feira Medieval durante os días 4 e 5 de abril presentándose co seu traxe na Oficina de información da Feira Medieval sita na praza de España.

Sexta

Unha vez celebrada a Feira Medieval, os beneficiarios da axuda e entre o 6 e o 15 de abril deberán presentar ao seu nome no rexistro do Concello de Monforte a factura xustificativa do gasto da tenda colaboradora coa Feira Medieval onde realizou o seu traxe, polo importe concedido como mínimo, no que conste o pago e o concepto.

Unha vez comprobado que a factura reúne todos os requisitos legais e que os beneficiarios participaron na XXII Feira Medieval, o concello emitirá unha resolución recoñecendo a obriga a favor dos beneficiarios e procederá ao pago das axudas.



Sétima

Os participantes neste concurso **non poderán** participar co traxe confeccionado con esta axuda no **Concurso de Traxes Medievais** convocado polo Concello.

Oitava

As tendas colaboradoras co Concello de Monforte no *concurso de axudas para traxes medievais* son:

- **COSER COSIENDO** – rúa Calvo Sotelo 7.
- **TERESA LAMELA COSTURA** – rúa Doutor Casares 66.
- **GNOMOS** – rúa Hermida Balado 10.
- **RETALES MERCE** – rúa Doutor Teijeiro 38.
- **TEMPO DE TEAS** – rúa Doutor Casares 19 –*só adquisición de teas.*
- **MERCERÍA OZ** – avda. Galicia 43.

Novena

A inscrición no concurso de axudas para a confección de traxes medievais implica a autorización ó Concello de Monforte de Lemos de todos os participantes inscritos, da recollida e tratamento dos Datos Persoais dos participantes que teñen como finalidade a xestión do concurso convocado polo Concello como a publicación dos gañadores. A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases.

Para calquera cuestión ou aclaración adicional poderán dirixirse á Concellería de Cultura do Concello de Monforte de Lemos (Campo de Santo Antonio, s/n., Teléfono 982402501)